

**POLÉMICA** Ángeles Caso: "Alcalá non ten moitas posibilidades"

## "Recoñezo que son mala titulando"

**A escritora rexeita a acusación de plaxio e di que 'Contra el viento' é unha frase de propiedade común**

Maré - Redac.

A escritora española Ángeles Caso negou onte as acusacións de plaxio vertidas contra ela polo autor galego Xavier Alcalá, e dixo que a expresión *Contra o vento*, que dá título á obra coa que gañou a última edición do Premio Planeta, é "unha frase feita" propiedade común "de todos os hispanofalantes".

Ángeles Caso expresouse así nunha rolda de prensa ofrecida en Santiago de Compostela para presentar a novela, un acto no que estivo acompañada polo finalista do galardón convocado pola Editorial Planeta, Emilio Calderón. Xavier Alcalá publicou *Cárcere verde*, obra que foi traducida ao castelán pola editorial SM como *Contra el viento*, unha expresión, na opinión de Caso, non é "ningún achado".

Chanceou ademais con que o balbordo que xerou o título da súa novela serviu para demostrar que

é "moi mala titulando", xa que de feito non quedou "nada conforme" cando o elixiu, pero non se lle ocorreu "outro mellor", confesou.

"Polo que eu sei, os títulos non se rexistran", aduciu a escritora e xornalista, que xa fora finalista do Planeta en 1994, unha edición que gañou Camilo José Cela; e recordou que no rexistro internacional de libros (ISBN) figuran outras tres obras con idéntica denominación, ademais dunha película.

"Non sei o que conseguirá este señor", dixo Caso en referencia a Xavier Alcalá, "pero non creo que teña moitas posibilidades".

A propia editorial informou nunha comunicación previa de que desestima a posibilidade de substituír o título da obra de Ángeles Caso, tal e como solicitou a representación legal de Xavier Alcalá, cuxa novela na súa edición galega levaba por nome *Cárcere verde*.

Curiosamente, Alcalá modificou a súa idea orixinal de renomear o libro en español como *Acidade dos cézares* para evitar unha coincidencia cun libro do escritor Víctor Fernández Freixanes, que xa levaba ese mesmo título.



Ángeles Caso con Emilio Calderón na presentación das dúas novelas recoñecidas pola editorial Planeta

### A NOVELA

## Visibilizar o traballo das mulleres

*Contra el viento* intenta "visibilizar", en palabras de Ángeles Caso, o traballo das mulleres inmigrantes empregadas nos labores domésticos en España. A través da figura real dunha muller caboverdiana que traballou para a escritora ó coidado da súa filla durante un ano, Caso narra a "difícil" vida das mulleres inmigrantes que se dedican

a estas tarefas e sen as cales "as mulleres europeas non serían nada".

Así, para Ángeles Caso, era necesario "visibilizar" a situación destas mulleres que "saen do seu país en busca dunha vida mellor que en ocasións non é mellor", nun sociedade que, en moitas ocasións, as trata "con indiferencia".

Os representantes legais de Alcalá –un dos narradores galegos de maior difusión– anunciaron que solicitarán medidas cautelares mentres preparan outras accións xudiciais, e o escritor solicitará a mediación da Asociación de Escritores en Lingua Galega e do Pen Club de Galicia.

Para os avogados de Alcalá, o rexistro de *Contra o vento* era "de doada comprobación previa", tanto por parte da autora coma por parte da editorial, algo que "non fixeron". ●